

## Boas prácticas de calidade nos centros da USC 2020

### Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

**Denominación da práctica:**

Dinamización da elección e da relación cos/as delegados/as por grupo expositivo para os graos (Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante; PC-03 Apoio a estudantes).

**Datas de desenvolvemento da práctica:**

O fomento na elección de delegados/as dende o centro leva facéndose dende o curso 2016-17, e con un énfase especial nos derradeiros cursos. A memoria de calidade do curso 18-19 recolle unha Acción de Mellora a realizar no curso 19-20 nesa liña (AM-5).

**Breve descrición da práctica:**

A comezos do curso 19-20 realizouse unha importante labor de concienciación da importancia da elección de delegados/as en cada grupo expositivo de cada curso de ambos graos. Esta labor foi especialmente realizada polos coordinadores/as de curso. Inicialmente, plantexábase a utilidade da figura dos delegados/as para tratar determinadas cuestións que puidesen preocupar habitualmente ao estudiantado como a fixación de exámenes ou a distribución dos traballos a realizar por cuatrimestre.

**Breve avaliación da eficacia da práctica:**

O confinamento e a problemática na docencia derivada do mesmo fixeron que a figura dos/as delegados/as cobrase maior relevancia e que servise como unha canle de comunicación especialmente útil entre o centro e o alumnado, por unha banda, e entre o profesorado e o alumnado, por outra.

Dado que a tradicional figura dos representantes estudiantís en Xunta de Facultade non se corresponde cun grupo de docencia concreto de alumnado, o dispor dunha persoa (delegado/a) en cada grupo ao que expoñer as preocupacións e dúbidas, supuxo un apoio importante para o alumnado pero tamén, unha fonte de información para o centro que, doutro xeito, non se tería, e que resultou determinante para a xestión.

Concretamente, o 15 de abril tivo lugar unha reunión telemática do equipo decanal cos/as delegados/as, á que tamén asistiron os coordinadores de título. Entre os puntos da orde do día desa reunión atopábase a identificación de prácticas exitosas e propostas de solución das incidencias e problemas detectados, e o plantexamento de cuestións relacionadas coa avaliación das materias. Os comentarios ofrecidos polos/as delegados/as tiveronse en conta para as comunicacións e recomendacións realizadas ao profesorado.